



## Oito novos perfís de Thomas Merton: unha aproximación bibliográfica

---



Ramón Cao Martínez<sup>1</sup>

A irradiación da vida e da obra de Thomas Merton (1915-1968) non deixa de crecer a máis de medio século da súa morte. Boa mostra diso é a incesante serie de publicacións que nos seguen achegando o rostro deste mestre espiritual e descubríndonos algúns dos seus trazos menos coñecidos. Tras a avalancha de libros aparecidos á calor do centenario do seu nacemento (2015)<sup>2</sup>, nos últimos cinco anos (1918-1922) vimos aparecer na nosa contorna lingüística próxima –a ibérica– interesantes obras de moi variado tipo: reedicións dalgúns textos de Merton xa esgotados ou escasamente difundidos; unha nova antoloxía das súas prosas e dos seus poemas; a versión portuguesa dunha das súas máis solventes biografías; dous estudos de conxunto, un sobre a súa obra total e outro sobre a súa poesía; un creativo ensaio sobre a súa dimensión feminina; e, en fin, unha edición das fotografías realizadas polo monxe cun estudo sobre este aspecto, case secreto, da súa actividade artística. De cada unha destas publicacións imos ofrecer unha breve noticia, seguindo a orde da súa aparición.

---

1 Ramón Cao Martínez é membro do Consello de Redacción da revista Encrucillada.

2 Algúns tan substanciais como o *Diccionario de Thomas Merton*, FRANCISCO RAFAEL DE PASCUAL RUBIO OCSO (dir.), Mensajero, Bilbao, 2015.